

coronavirus

Medidas económicas contra o COVID-19

A Xunta de Galicia está poñendo en marcha **novas iniciativas para apoiar ao noso tecido empresarial**. O obxectivo é achegar liquidez ás empresas e facilitar a posta en marcha de novos produtos e equipos que contribúan a encontrar solucións innovadoras fronte ao COVID-19.

AXUDAS DE LIQUIDEZ

➔ **APRAZAMENTO DAS COTAS de amortización e xuros da liquidación** dos préstamos formalizados coa Xunta de Galicia –a través do Igape e XesGalicia– e que neste momento suman un investimento global de 265 M€. En concreto, as cotas aprazadas poderanse devolver ao vencemento final que existe actualmente para ditos préstamos.

➔ **INYECCIÓN INMEDIATA DE LIQUIDEZ**, con especial atención a autónomos e pemes, a través dunha liña de financiamento que permita mobilizar 250 M€. Con esta medida, a Xunta de Galicia, a través do Igape, concede unha solución ás empresas galegas.

AXUDAS Á INDUSTRIALIZACIÓN

➔ Habilítase, a través de XesGalicia, unha liña de **10 M€ para financiar as necesidades de REESTRUTURACIÓN** produtiva do tecido empresarial que decida empezar a desenvolver material e equipos para combater esta enfermidade.

➔ Habilítase, a través da Axencia Galega de Innovación, unha **chamada para a IDENTIFICACIÓN das capacidades do sistema galego de innovación** co obxectivo de dar respostas ás necesidades xeradas pola crise do coronavirus. Enlace ao formulario:
<http://xornadas.galiciainnovacion.es/covid19/index.php>

Búscanse **solucións innovadoras** que se poidan **implementar de xeito inmediato** ou que estean próximas á súa implementación, e que axuden a resolver os retos aos que nos enfrontamos.

Para máis información:
NOVA LIÑA EMPRESAS (teléfono gratuito): **900 815 600**